

# A madriña

María CURROS FERRO

Cando a madriña marchou da vila todos quedamos parvos. A noticia correu a fume de carozo. Á miña casa chegou o xoves a noitiña, miña nai aínda non me puxera a cea na mesa.

—Que lle pasou logo á madriña? —Preguntei.

—Nada! —Dixeron meus pais á vez.

Eu, que era pequena pero non parva, sabía que aquilo que dicían non era verdade. Xa poñería o oído na parede do meu cuarto para escoitar a conversa de meus pais... pero quedei durmida.

Ao día seguinte, na escola, sóubeno todo, díxome Breixo, un rapaz moi espabilado que vivía a carón da madriña, porta con porta.

—A túa madriña marchou con don Miguel.

—E que? —Preguntei eu.

—Non me entendes. —Insistiu el.— Escolteille dicir a miña nai que deixara o teu padriño polo crego da parroquia.

Eu, demasiado inocente para a miña idade, non acababa de entendelo. Fixera dez anos en xaneiro.

Á hora do recreo todos os meus compañeiros me faloron da nova. Así foi como souben que a miña madriña fixera o que na aldea ninguén entendía. Cando cheguei á casa a mamá choraba. Ao verme entrar pola porta comezou a secar as bágoas.

—Que che pasa, mamá? —Preguntei.

—Nada. —Dixo.

—Como que nada? Estabas chorando. —Insistín.

—Non filla, non estaba.

—Si tal. Eu ben te vin. Seino todo. Na escola todos o saben e contáronmo. A madriña marchou con don Miguel.

—Nena, non quero falar diso. —Respondeu.

—Mamá... Eu... creo... que a madriña marchou porque xa non quería o padriño. Agora prefire a don Miguel. Síntoo polo padriño porque lle quero pero tamén lle quero á madriña.

Mamá comezou a chorar de novo e suspirando dixo:

—O amor filliña, o amor!